

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Guadalupe Murillo Solis, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002631 (32303)**, sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.-Dar cumprimento inmediato ao compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos en canto o Concello de Vigo realice os trámites urbanísticos, legalmente imprescindibles, para poder levar a cabo a devandita obra.
- 2.-De non ser posible esta vía, convocar ao Concello de Vigo para que presente un novo proxecto de remodelación que sexa conforme ao Plan de Ordenación actualmente vixente na cidade de Vigo.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/09/2018 17:46:04**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 04/09/2018 17:46:40**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións necesarias na lexislación estatal para garantir a corresponsabilidade parental e as relacións familiares dos fillos con ambos proxenitores nos casos de cesamento da convivencia (doc. núm. 32913).

### Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que garanta a aplicación da lexislación estatal sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares dos fillos con ambos proxenitores no cese da convivencia”.

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2018 17:52:31**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2018 17:52:40**